

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**7194** *Real decreto 710/2009, do 17 de abril, polo que se desenvolven as previsións da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, en materia de pensións de clases pasivas e de determinadas indemnizacións sociais.*

A disposición adicional décimo terceira da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, regula a redución porcentual da contía das pensións ordinarias de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, causadas a partir do 1 de xaneiro de 2009 ao abeiro do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, sempre que os beneficiarios das ditas pensións acrediten menos de vinte anos de servizos ao Estado e que a incapacidade ou inutilidade que motive a xubilación ou o retiro non inhabilite o seu titular para toda profesión ou oficio.

Non obstante, a referida disposición adicional regula a posibilidade de incrementar a contía da pensión ata o cen por cento da que correspondería ao interesado por aplicación das normas xerais de cálculo, se con posterioridade ao recoñecemento da pensión de xubilación ou retiro, e antes do cumprimento da idade de xubilación ou retiro forzoso, se producise un agravamento da enfermidade ou lesións do interesado, que o inhabilitasen para o desempeño de toda profesión ou oficio, segundo o ditame preceptivo e vinculante, emitido para o efecto polo órgano médico pericial que regulamentariamente se determine, e de acordo coas normas de procedemento que na mesma norma se establezan.

Pola súa vez, o artigo 33.2 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, na redacción dada pola disposición adicional décimo sexta da citada Lei 2/2008, do 23 de decembro, establece a incompatibilidade entre o percibo das pensións de xubilación ou retiro co exercicio dunha actividade por conta propia ou allea, que dea lugar á inclusión dos seus titulares en calquera réxime público de Seguranza Social.

Non obstante, como excepción á dita incompatibilidade, e nos termos que regulamentariamente se determinen, o citado precepto regula a posibilidade de compatibilizar o percibo da pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, co desempeño daquela actividade, sempre que sexa distinta da que se viña realizando ao servizo do Estado e sempre, tamén, que o interesado non estea incapacitado para toda profesión ou oficio.

Por outra parte, a disposición adicional décimo oitava da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2009 regula a concesión dunha indemnización en favor de quen fose obxecto de internamento pola súa condición de homosexual en aplicación da Lei do 15 de xullo de 1954, pola que se modifica a Lei de vagos e maleantes do 4 de agosto de 1933, ou da Lei 16/1970, do 4 de agosto, sobre perigosidade e rehabilitación social.

Ademais de fixar a contía das indemnizacións en función dos períodos de internamento e de regular quen será beneficiario en caso de falecemento do causante, entre outros aspectos, na citada disposición adicional atribúeselle o recoñecemento desta indemnización a unha comisión interministerial, integrada por representantes dos ministerios de Xustiza, de Interior e de Economía e Facenda que, no non previsto na disposición adicional décimo oitava, require dun desenvolvemento regulamentario para determinar os membros que a compoñen, así como as normas necesarias para o seu bo funcionamento, tanto no que se refire aos medios persoais e materiais de apoio para o trámite das solicitudes como á coordinación co órgano competente para o aboamento das indemnizacións que se recoñezan.

Mediante este real decreto lévase a efecto o desenvolvemento regulamentario das citadas disposicións, naqueles aspectos que fagan posible a súa aplicación práctica,

establecendo as normas especiais de procedemento que sirvan de canle para acceder aos correspondentes beneficios.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e Facenda, de Defensa, de Xustiza, de Interior e da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de abril de 2009,

DISPOÑO:

## TÍTULO I

**Pensións de xubilación ou retiro, causadas ao abeiro do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril**

## CAPÍTULO I

**Pensións ordinarias de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade**

### *Sección 1.<sup>a</sup> Contía das pensións en determinados supostos*

#### *Artigo 1. Redución da contía da pensión.*

1. Nas pensións ordinarias de xubilación ou retiro por incapacidade permanente ou inutilidade, causadas a partir do 1 de xaneiro de 2009, cando se acrediten menos de vinte anos de servizos efectivos ao Estado na data da xubilación ou do retiro e sempre que a incapacidade ou inutilidade do funcionario non o inhabilitase para toda profesión ou oficio, a contía da pensión, calculada segundo as normas do artigo 31.4 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, experimentará unha redución dun cinco por cento por cada ano completo que lle falte ao seu titular para alcanzar os vinte anos de servizos ao Estado, cunha redución máxima do vinte e cinco por cento para quen acredite quince anos ou menos de servizos.

2. Para determinar os anos de servizos ao Estado cumpridos na data da xubilación ou do retiro computaranse os relacionados no artigo 32 do citado texto refundido, excepto o establecido no último parágrafo do seu número 4, así como os períodos de cotización cubertos nalgún réxime da Seguranza Social, que se totalizarán, por petición do interesado, segundo as normas do Real decreto 691/1991, do 12 de abril, sobre cómputo recíproco de cotas entre réximes de Seguranza Social.

3. No expediente de recoñecemento do dereito á pensión deberá constar unha copia do ditame avaliador emitido polo órgano médico que recoñeceu o funcionario, con carácter previo á declaración de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

4. A redución da pensión regulada no número 1 deste artigo deberase practicar sobre a contía íntegra resultante das normas xerais de cálculo, sen prexuízo da posterior aplicación, de ser o caso, do límite máximo de percepción establecido para as pensións públicas, xa se perciba a pensión soa ou en concorrencia con outras.

#### *Artigo 2. Incremento da contía da pensión.*

1. En caso de que con posterioridade ao recoñecemento da pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade se producise un agravamento da enfermidade ou lesión do interesado, que o inhabilitase para o desempeño de toda profesión ou oficio, sempre que tal circunstancia acaecese antes do cumprimento da idade de xubilación ou retiro forzoso, poderase incrementar a contía da pensión ata o cen por cento da que lle correspondería por aplicación das normas xerais de cálculo que

rexan para este tipo de pensións e de acordo coas normas de procedemento reguladas na sección 2.<sup>a</sup> deste capítulo.

2. O incremento da contía da pensión só procederá cando o interesado estea incapacitado para toda profesión ou oficio, como consecuencia do agravamento da enfermidade ou lesión que motivou a declaración de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

3. O percibo do incremento será incompatible co da pensión que se puidese recoñecer mediante o cómputo dos períodos de exercicio dunha actividade por conta propia ou allea, que motivou a inclusión do interesado nun réxime público de Seguranza Social, sempre que tal actividade se desempeñase, en todo ou en parte, tras a xubilación ou retiro do funcionario.

#### Artigo 3. *Pensións en favor de familiares.*

A base reguladora das pensións en favor de familiares causadas polos pensionistas de xubilación ou retiro a que se refiren os dous artigos precedentes estará constituída pola contía íntegra da pensión que inicialmente correspondería ao falecido ou declarado falecido, de estar inhabilitado para o desempeño de toda profesión ou oficio, debidamente actualizada.

Non obstante, a dita pensión computarase ao setenta e cinco por cento da súa contía íntegra, debidamente actualizada, cando se causase dereito a pensión de viuvez, orfandade ou en favor de pais nun réxime público de Seguranza Social, en razón dunha actividade por conta propia ou allea realizada, en todo ou en parte, con posterioridade á xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

#### Sección 2.<sup>a</sup> *Normas de procedemento para o recoñecemento do incremento da pensión de xubilación ou retiro*

#### Artigo 4. *Iniciación.*

1. O procedemento iniciarase por instancia do interesado, mediante solicitude dirixida á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda, se se trata de persoal xubilado por incapacidade permanente para o servizo, ou á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, nos casos de retiro por inutilidade.

En ambos os supostos as solicitudes poderanse presentar nos rexistros e oficinas que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xunto coa solicitude, o interesado deberá achegar as probas e informes médicos que se lle realizaron, nos cales conste o agravamento da enfermidade ou lesión que motivou a xubilación ou o retiro.

2. Poderase instar por primeira vez o recoñecemento do incremento desde o momento en que a situación do interesado, como consecuencia da evolución da enfermidade ou lesión que orixinou a xubilación ou o retiro, leve a considerar que podería estar incapacitado para o desempeño de toda profesión ou oficio.

De non se confirmar a dita incapacidade, a solicitude posterior deberase formular no prazo que, para tal efecto, fixe no seu ditame preceptivo e vinculante o órgano médico pericial que revisou o estado do pensionista.

Tanto a solicitude inicial como, de ser o caso, as posteriores deberanse formular antes do cumprimento da idade legalmente sinalada para cada caso como determinante da xubilación ou o retiro forzoso.

#### Artigo 5. *Tramitación.*

1. En caso de xubilación por incapacidade permanente para o servizo, unha vez recibida a solicitude do interesado, a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas dirixirase á Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguranza Social da

provincia en que teña a súa residencia o interesado, remitindo unha copia do ditame avaliador que motivou a declaración de xubilación, xunto cos informes ou probas achegados por aquel, para os efectos de que a dita dirección provincial provexa o necesario para que o equipo de valoración de incapacidades emita o preceptivo ditame de carácter vinculante, relativo á eventual incapacidade actual do interesado para o desempeño de toda profesión ou oficio, como consecuencia do agravamento da enfermidade ou lesión que motivou a declaración de xubilación.

Para tal fin, serán de aplicación as normas contidas no artigo 2 da Orde do 22 de novembro de 1996, do Ministerio da Presidencia, pola que se establece o procedemento para a emisión de ditames médicos para efectos do recoñecemento de determinadas prestacións de clases pasivas.

2. En caso de retiro por inutilidade, unha vez recibida a solicitude do interesado, a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa dirixirase á xunta médico-pericial ordinaria máis próxima á provincia en que teña o seu domicilio o interesado, remitindo copia do ditame avaliador que motivou o retiro do interesado, así como as probas e informes médicos que achegou coa solicitude, para os efectos de que a citada xunta médico-pericial emita o preceptivo ditame de carácter vinculante, sobre a eventual incapacidade actual do interesado para o desempeño de toda profesión ou oficio, como consecuencia do agravamento da enfermidade ou lesión que motivou a declaración de retiro.

3. Nos supostos en que o interesado se encontrase residindo no estranxeiro, o ditame preceptivo e vinculante será emitido polos servizos médicos designados pola embaixada ou consulado correspondente, aos cales se enviará, segundo proceda, a documentación que se cita nos números anteriores deste artigo.

#### Artigo 6. *Prazo para resolver.*

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de catro meses, contados desde a data en que a solicitude entrou no rexistro do órgano competente para resolver, segundo se trate de persoal civil ou militar, respectivamente

2. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase expresamente a resolución, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo, nos termos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 7. *Efectos do incremento.*

A resolución que recoñeza o incremento da contía da pensión producirá efectos económicos desde o primeiro día do mes seguinte ao da presentación da solicitude.

#### Artigo 8. *Recursos.*

O sistema impugnatorio das resolucións que se adopten será o mesmo que rexe para as pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

## CAPÍTULO II

### Incompatibilidade co traballo activo das pensións de xubilación ou retiro

#### Sección 1.<sup>a</sup> *Normas xerais e excepcións*

#### Artigo 9. *Incompatibilidade.*

O percibo das pensións de xubilación ou retiro, tanto ordinarias como extraordinarias, ademais da súa incompatibilidade co desempeño dun posto de traballo no sector público, será incompatible, con carácter xeral, co exercicio dunha actividade, por conta propia ou

allea, que dea lugar á inclusión do seu titular en calquera réxime público de Seguranza Social.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás pensións en favor de alumnos de centros docentes militares de formación, nin ás pensións por inutilidade para o servizo causadas polo persoal militar que non teña adquirido o dereito a permanecer nas forzas armadas ata a idade de retiro, reguladas, respectivamente, nos artigos 52.3 e 52 bis.2 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado e nas normas de desenvolvemento regulamentario.

#### Artigo 10. *Supostos de compatibilidade.*

1. Non obstante o regulado no artigo anterior, os titulares de pensións de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, sempre que non estean incapacitados para toda profesión ou oficio, poderán compatibilizar o percibo da pensión co desempeño dunha actividade por conta propia ou allea no sector privado, que dea lugar á inclusión do seu titular en calquera réxime público de Seguranza Social, sempre que esa actividade sexa distinta da que viña realizando ao servizo do Estado, entendendo como tal aquela en que as tarefas que realice non garden semellanza coas funcións realizadas polo funcionario, en razón da súa pertenza ao corpo, escala, praza ou categoría en que foi declarado xubilado ou retirado.

Non procederá a situación de compatibilidade nos supostos en que para o cálculo da pensión se totalizaron períodos de cotización nalgún réxime da Seguranza Social, por aplicación das normas do Real decreto 691/1991, do 12 de abril, sobre cómputo recíproco de cotas entre réximes de Seguranza Social.

2. De se producir unha situación de compatibilidade, a pensión íntegra, calculada segundo as normas xerais en cada caso aplicables, reducirase ao setenta e cinco por cento da correspondente contía se se acreditasen, no momento da xubilación ou retiro, máis de vinte anos de servizos efectivos ao Estado; ou ao cincuenta e cinco por cento, se o interesado cubriu menos de vinte anos de servizos en idéntico momento.

#### *Sección 2.ª Procedemento para compatibilizar o percibo da pensión co desempeño dunha actividade*

#### Artigo 11. *Comunicación do inicio dunha actividade.*

O pensionista de xubilación ou retiro que pretenda compatibilizar o percibo da pensión co desempeño dunha actividade, nos termos establecidos no artigo 10 deste real decreto, deberao comunicar á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda, cando se trate de pensións causadas polo persoal civil, ou á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, respecto das pensións causadas polo persoal militar, xuntando unha copia do contrato relativo á actividade que se veña realizando ou que se pretenda iniciar ou, no seu defecto, unha certificación da empresa contratante, se se tratase dun traballo por conta allea. En caso dun traballo por conta propia, deberase achegar unha copia da documentación necesaria para o inicio da actividade ou, mentres non se conte con ela, unha declaración do propio interesado, na cal deben constar as distintas tarefas ou funcións que integran esa actividade.

#### Artigo 12. *Informes doutros órganos.*

Unha vez recibida a comunicación coa documentación anexa, de o consideraren necesario, as direccións xerais citadas no artigo anterior poderán solicitar a emisión de informe do órgano de xubilación ou da xefatura de persoal do centro en que o interesado prestase servizos no momento da xubilación ou do retiro, comprensivo das funcións que o interesado viñese desempeñando ao servizo do Estado, así como da súa estimación sobre se a nova actividade é análoga ou distinta.

Artigo 13. *Acordo de compatibilidade.*

O pronunciamento sobre compatibilidade corresponderá á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas, mediante acordo expreso ao respecto. Para tal fin, a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa emitirá e enviará informe vinculante sobre as comunicacións recibidas do persoal da súa competencia.

Artigo 14. *Prazo para resolver.*

1. O prazo máximo para resolver e notificar o acordo ao interesado será de catro meses, contados desde a data en que a solicitude entrou no rexistro do órgano competente para resolver.

2. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase expresamente o acordo, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo, nos termos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 15. *Efectos.*

1. De ser positivo o acordo, o importe da pensión reducirase ás contías establecidas no artigo 10.2 deste real decreto.

A contía reducida da pensión manterase mentres se realice a actividade declarada compatible, con efectos económicos iniciais do día primeiro do mes seguinte ao de inicio da dita actividade. Non obstante, se esta se iniciase o día primeiro dun mes, os efectos da contía da pensión reducida coincidirán co comezo daquela.

Cando se produza o cesamento na actividade compatible, con efectos do día primeiro do mes seguinte ao do cesamento, procederá incrementar a contía da pensión, ben ao cen por cento do seu importe íntegro ou ben á contía reducida que resulte da aplicación do disposto no artigo 1 deste real decreto, para os supostos en que non se acrediten vinte anos de servizos efectivos ao Estado na data da xubilación ou retiro.

O citado incremento tamén procederá nos supostos en que se cause dereito a pensión nun réxime público de Seguranza Social, en razón da actividade declarada compatible.

2. Cando no acordo se declare que non existe unha situación de compatibilidade, procederá a suspensión do percibo da pensión mentres se realice a actividade, cos efectos regulados no artigo 33.3 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

Artigo 16. *Recursos.*

O sistema impugnatorio dos acordos adoptados pola Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas será o mesmo que rexe para as pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

## TÍTULO II

### Indemnización a ex-presos sociais

Artigo 17. *Comisión de indemnizacións a ex-presos sociais.*

1. A comisión a que se refire a disposición adicional décimo oitava da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2009 é un órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Economía e Facenda, ao cal corresponde a resolución das solicitudes de indemnización que se formulen ao abeiro desa mesma norma.

2. A composición da Comisión será a seguinte:

a) Presidente: o titular da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vogal da comisión de maior xerarquía, antigüidade ou idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

b) Vogais: un representante por cada un dos ministerios de Xustiza, Interior e Economía e Facenda, con nivel de subdirector xeral ou asimilado, designados polos respectivos departamentos. Simultaneamente á designación dos vogais, farase a dos que actuarán como suplentes daqueles.

c) Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas, que actuará con voz pero sen voto.

3. Ao secretario da comisión correspóndelle a tramitación das solicitudes de indemnización a ex-presos sociais e cantas xestións sexan necesarias para o debido cumprimento do disposto na citada disposición adicional décimo oitava.

4. O réxime de funcionamento da comisión de indemnizacións a ex-presos sociais axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. O funcionamento desta comisión levarase a cabo co apoio e os medios persoais e materiais da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda, sen que se poida xerar incremento de gasto público.

#### Artigo 18. *Solicitudes e documentación acreditativa.*

1. As solicitudes de indemnización formularanse no modelo oficial que figura como anexo desta norma, e deberanse acompañar do documento acreditativo da decisión xudicial ou resolución administrativa que impuxese as medidas obxecto da indemnización, así como a certificación acreditativa dos períodos de tempo efectivos das ditas medidas.

O solicitante efectuará no citado impreso, baixo a súa responsabilidade, declaración en que exprese que as medidas de internamento que sufriu o causante se lle impuxeron pola súa condición de homosexual, así como sobre a non percepción doutras axudas polo mesmo concepto.

Así mesmo, o solicitante prestará consentimento para que o secretario da comisión poida solicitar, no seu nome e coa suspensión prevista no artigo 42.5.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os documentos citados no primeiro parágrafo anterior, cando estes non fosen achegados polo interesado.

As solicitudes dirixiranse ao secretario da comisión e poderanse presentar nos rexistros e oficinas que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. En caso de falecemento do causante da indemnización, ademais da documentación a que se refire o número anterior, o solicitante deberá achegar:

a) Certificado de defunción do causante da indemnización.

b) De se tratar do cónxuxe non separado legalmente, nin en proceso de separación ou nulidade matrimonial, certificación literal da inscrición do matrimonio expedida polo Rexistro Civil con posterioridade á data de falecemento do causante, así como declaración do interesado en que manifieste que non se iniciou un proceso de separación ou nulidade matrimonial.

c) Se o solicitante fose a persoa que convivía co falecido con análoga relación de afectividade á conxugal, deberá presentar certificado de empadramento ou convivencia do concello ou, no seu defecto, acta notarial de notoriedade que acredite a convivencia co causante nos dous anos inmediatamente anteriores ao momento do falecemento.

Ademais, para os efectos de acreditar a análoga relación de afectividade á conxugal, deberá achegar documento público en que conste a existencia da parella de feito ou calquera outro documento, cuxa valoración realizará a comisión.

En caso de existencia de fillos comúns, só será necesario achegar copia do libro de familia ou as certificacións literais de nacemento dos fillos expedidas polo Rexistro Civil.

Artigo 19. *Procedemento e resolución.*

1. Recibida a solicitude, xunto coa restante documentación requirida, o secretario da comisión realizará de oficio as actuacións que considere pertinentes para comprobar os feitos ou datos alegados.

Cando non quedase acreditado, cos documentos citados no parágrafo primeiro do número 1 do artigo 19 deste real decreto, que a medida sufrida se impuxo pola condición de homosexual do causante da indemnización, o secretario da comisión poderá reclamar os antecedentes, datos ou informes que puidesen constar nos servizos policiais, autoridades gubernativas, órganos xurisdicionais ou outros rexistros, sobre os feitos causantes das medidas de internamento.

A proba valoraraa a comisión, que tomará en consideración as circunstancias concorrentes en tales medidas, o lugar do seu cumprimento e cantos datos de interese se xulguen relevantes para determinar a causa do internamento.

2. Terminada a instrución do expediente, o secretario da comisión elaborará a proposta de resolución e elevaraa á comisión, á cal corresponde o recoñecemento ou denegación da indemnización solicitada. Tamén poderá decidir a non-admisión a trámite das solicitudes que carezan manifestamente de fundamento.

Artigo 20. *Pagamento das indemnizacións.*

O aboamento da indemnización recoñecida realizarao a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda, mediante transferencia á conta corrente ou á cartilla ordinaria aberta a nome do beneficiario da indemnización, que este consigne na súa solicitude.

Artigo 21. *Prazo para resolver.*

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados desde a data en que a solicitude entrou no rexistro do órgano competente para resolver.

2. Transcorrido ese prazo sen que se notificase expresamente a resolución, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo, nos termos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 22. *Recursos.*

As resolucións adoptadas porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición ante a mesma comisión, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben ser impugnadas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados de igual forma, de conformidade co establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición transitoria única. *Réxime de incompatibilidades das pensións causadas en 31 de decembro de 2008.*

O réxime de incompatibilidades e as súas excepcións, regulado no capítulo II do título I deste real decreto, non será de aplicación ás pensións de xubilación ou retiro causadas antes do 1 de xaneiro de 2009, que manterán o réxime de incompatibilidades aplicable antes desa data. Por iso, seguirán mantendo a incompatibilidade entre o percibo da pensión e o desempeño dun posto de traballo no sector público; mentres que o exercicio dunha actividade no sector privado só será incompatible cando no recoñecemento do dereito a pensión se aplicaron as normas do Real decreto 691/1991, do 12 de abril, sobre cómputo recíproco de cotas entre réximes de Seguranza Social.




Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo de que os efectos do disposto no título I se retrotraian, cando así proceda, ao 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 17 de abril de 2009

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ



ESPAZO RESERVADO PARA OS SELOS DE REGISTRO

**SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN  
EX-PRESOS SOCIAIS**

**1 DATOS DO SOLICITANTE:**

DATA DE NACEMENTO:

PRIMEIRO APELIDO: \_\_\_\_\_ SEGUNDO APELIDO: \_\_\_\_\_ NOME: \_\_\_\_\_

NÚM. DNI/NIF/NIE: \_\_\_\_\_ OUTRO DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (SE CARECE DE DNI):  
CLASE: \_\_\_\_\_ NÚM.: \_\_\_\_\_ NACIONALIDADE: \_\_\_\_\_ SEXO: \_\_\_\_\_

DOMICILIO (rúa, número, piso e porta): \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_

CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_ PAÍS: \_\_\_\_\_ NÚM. TELÉFONO: \_\_\_\_\_

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIONES (Só se é distinto do indicado anteriormente)

DOMICILIO (rúa, número, piso e porta): \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_

CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_ PAÍS: \_\_\_\_\_ NÚM. TELÉFONO: \_\_\_\_\_

Solicita:  En nome propio  Cónxuxe viúvo  Parella de feito

**2 DATOS DO CAUSANTE: só para solicitantes como cónxuxe viúvo/ ou parella de feito**

PRIMEIRO APELIDO: \_\_\_\_\_ SEGUNDO APELIDO: \_\_\_\_\_ NOME: \_\_\_\_\_

NÚM. DNI/NIF/NIE: \_\_\_\_\_ OUTRO DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (SE CARECE DE DNI):  
CLASE: \_\_\_\_\_ NÚM.: \_\_\_\_\_ NACIONALIDADE: \_\_\_\_\_ SEXO: \_\_\_\_\_

DATA DE NACEMENTO: \_\_\_\_\_ DATA DE FALECIMENTO: \_\_\_\_\_

**3 DATOS DO REPRESENTANTE: cubrir só cando proceda**

PRIMEIRO APELIDO: \_\_\_\_\_ SEGUNDO APELIDO: \_\_\_\_\_ NOME: \_\_\_\_\_

NÚM. DNI/NIF/NIE: \_\_\_\_\_ OUTRO DOCUMENTO IDENTIFICATIVO (SE CARECE DE DNI):  
CLASE: \_\_\_\_\_ NÚM.: \_\_\_\_\_ NACIONALIDADE: \_\_\_\_\_ SEXO: \_\_\_\_\_

DOMICILIO (rúa, número, piso e porta): \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_

CÓDIGO POSTAL: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_ PAÍS: \_\_\_\_\_ NÚM. TELÉFONO: \_\_\_\_\_

APELIDOS E NOME:	NUM. DNI/NIF/NIE
------------------	------------------

#### 4 LUGARES, DATAS E MOTIVO DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO

CENTRO DE INTERNAMENTO OU PENITENCIARIO

PERÍODO DE TEMPO

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que o motivo das medidas de internamento sufridas polo causante foi a súa condición de homosexual (marque o recadro que proceda):

 Non Si

#### 5 DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS OU INDEMNIZACIÓNS (cubrir en todos os casos)

Ademais da indemnización que solicita neste impreso, percibiu ou solicitou outras axudas polos mesmos feitos:

 Non Si; neste caso, sinalar o organismo, tipo de prestación e o seu importe \_\_\_\_\_

_____
_____
_____

#### 6 DECLARACIÓN DO CÓNXUXE VIÚVO: (cubrir só se se solicita como cónxuxe viúvo do causante, marcando o recadro correspondente)

Para os efectos de xustificar o cumprimento do requisito establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2009, o/a solicitante **DECLARA**, baixo a súa responsabilidade, que na data do falecemento do causante:

 Non se iniciara un proceso de separación ou de nulidade matrimonial Si se iniciara un proceso de separación ou nulidade matrimonial

#### 7 DATOS BANCARIOS PARA O ABOAMENTO DA INDEMNIZACIÓN:

TITULAR DA CONTA:
-------------------

BANCO/CAIXA:
--------------

CÓDIGO CONTA CLIENTE	Entidade	Sucursal	DC	Número de conta
	_ _ _ _	_ _ _ _	_	_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _

APELIDOS E NOME:

NUM. DNI/NIF/NIE

**QUEDO INFORMADO** da incompatibilidade da percepción da indemnización coa doutras axudas que polo mesmo concepto se me recoñezan no futuro, así como da obriga de comunicar á comisión de indemnizacións a ex-presos sociais esta circunstancia.

**DECLARO**, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos que consigno nesta solicitude e presto consentimento para que o secretario da comisión solicite a decisión xudicial ou a resolución administrativa que impuxese as medidas de internamento obxecto da indemnización, a certificación acreditativa dos períodos de tempo efectivos desas medidas, así como os antecedentes, datos ou informes que puidesen constar nos servizos policiais, autoridades gubernativas, órganos xurisdicionais e noutros rexistros, sobre os feitos causantes das medidas de internamento.

**AUTORIZO** a consulta dos meus datos de identificación persoal, con garantía de confidencialidade e para os exclusivos efectos desta solicitude, no Sistema de Verificación de Datos de Identidade regulado na ORDE PRE/3949/2006, do 26 de decembro (en caso de non autorizar a consulta, marque o seguinte recadro  e presente fotocopia de DNI/NIF ou, se fose estranxeiro, da tarxeta de residencia ou do pasaporte/NIE).

**SOLICITO**, mediante a sinatura deste impreso, o recoñecemento e, de ser o caso, o pagamento da indemnización que proceda segundo as disposicións legais vixentes.

En \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_  
(Sinatura do solicitante ou do representante)

Os datos persoais achegados por vostede van ser incluídos nun ficheiro informático, coa finalidade de recoñecer, controlar e pagar a prestación que lle poida corresponder. O ficheiro será custodiado por esta Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas, que é o órgano administrativo de apoio da Comisión.

## DOCUMENTOS QUE DEBE PRESENTAR

(Orixinal acompañado de fotocopia para a súa compulsua ou fotocopia xa compulsada)

### 1.- ACREDITACIÓN DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO QUE SUFRIU O CAUSANTE DA INDEMNIZACIÓN

- Decisión xudicial ou resolución administrativa que impuxese as medidas de internamento obxecto da indemnización.
- Certificación acreditativa dos períodos de tempo efectivos desas medidas.

### 2.- PARA SOLICITANTES COMO CONXUXE VIÚVO OU PARELLA DE FEITO

A) En todas as solicitudes de indemnización por falecemento:

- Certificado de defunción do causante.

B) Para acreditar a relación de parentesco:

1.- O cónxuxe viúvo:

- Certificado literal da inscrición de matrimonio expedido polo Rexistro Civil, con data posterior ao falecemento.

2.- Parella de feito:

- En caso de existiren fillos comúns: libro de familia ou certificacións literais de nacemento dos fillos.
- De non existiren fillos comúns:
  - Certificado de empadramento ou convivencia do concello ou, no seu defecto, acta notarial de notoriedade que acredite a convivencia co causante nos dous anos inmediatamente anteriores ao falecemento.
  - Documento público, ou calquera outro documento, en que conste a existencia da parella de feito.

---

Teléfono gratuito de información: **900 50 30 55** en horario ininterrompido de luns a venres de 9.00 a 17.30 horas

---